

CGT, UGT y USO avalan el nuevo convenio de Xeal

CEE. Xallas Electricidad y Aleaciones S. A. U. (Xeal) cuenta ya con un nuevo convenio colectivo tras el acuerdo alcanzado por la empresa con los representantes sindicales de CGT, UGT y USO, el cual ha sido firmado este miércoles tras ser aprobado por los referidos sindicatos y

el comité de dirección de la compañía. María Couto, directora Corporativa, asegura que se trata de “un hito muy importante en la historia de la empresa, y estamos seguros de que será el primero de muchos otros”.

Desde enero de 2022 Xeal venía aplicando el convenio

provincial para la industria siderometalúrgica, ya que el anterior proceso de negociación terminó sin acuerdo.

“En la empresa siempre ha habido el espíritu de tener un convenio colectivo propio, adaptado a los tiempos actuales, y que pusiera a Xeal en el marco de los principios organizativos modernos y sostenibles”, afirman. En noviembre iniciaron nuevas negociaciones a petición de CGT y UGT. M. LAVANDEIRA



La directora Corporativa, María Couto, con representantes de los sindicatos. Foto: Xeal

Crean un mapa do xeodestino turístico Costa da Morte cos seus recursos

É un proxecto de CMAT que será presentado este xoves, ás 13.00 h, no Parador de Muxía

Muxía. A Asociación de Profesionais do Turismo de Costa da Morte (APTTCM) presentará este xoves, ás 13.00 horas, o novo mapa de recursos turísticos dos dezasete concellos que integran o xeodestino, que abarca as comarcas de Bergantiños, Terra de Soaneira e Fisterra e os municipios de Carnota e Mazaricos.

O deseño do mapa contou co asesoramento do escritor e experto en turismo Xan Fernández Carrera. Está previsto distribuílo entre os clientes do Parador, ubicado en Muxía, e tamén nas oficinas de turismo da comarca e entre os propios socios de APTTCM, ademais dos visitantes que o requiran.

O referido mapa será distribuído tamén nas principais feiras de turismo nas que participe APTTCM, como a vindeira edición de Fitur 2023, que se celebra en Madrid.

Ao acto están convidados todos os membros da Asociación de Profesionais do Turismo de Costa da Morte (APTTCM). O seu presidente, Pepe Formoso, fai un convite “a todos aqueles empresarios que queiran coñecer o noso proxecto que nos acompañen”. Convidaos tamén a participar acompañados doutros profesionais interesados en sumarse ao colectivo, “pois será un pracer poder contarlle os obxectivos do noso proxecto”, conclúe.

A edición deste mapa é un dos obxectivos marcados pola nova directiva da asociación de empresarios do turismo, que traballa da man da CMAT, na que están integrados os representantes municipais dos dezasete concellos do xeodestino. M. LAVANDEIRA

Repensando o Vimianzo do futuro a través da infancia e partindo do coñecemento

Máis de vinte nenas e nenos participan esta semana no programa A vila do mañá // Apropriáronse, por un día, dunha céntrica rúa

JOSÉ M. RAMOS
Vimianzo

Vinte e un nenos e nenas de Vimianzo están participando activamente esta semana no programa A vila do mañá, que os converte en protagonistas e artífices da transformación e do futuro da súa localidade para que esta sexa máis sostible, segura e, sobre todo, para as persoas.

Trátase dunha iniciativa impulsada no ano 2016 pola arquitecta Sandra González, co obxectivo de que os máis novos “sexan os donos das vilas e cidades e exerzan o seu dereito a transformalas, previo coñecemento das mesmas”. Para iso os pequenos vimianceses están afondando no coñecemento da súa vila, facendo súas as rúas (na medida en que a choiva o permite) partindo dunha concepción do espazo urbano como un enorme taboleiro de xogo en tres dimensións para que “o exploren, recoñezan e sexan capaces de modificalo”, sinala a promotora.

O primeiro día pedíuselles que debuxasen o elemento ou espazo de Vimianzo que é máis significativo para eles, e “a resposta foi unánime: o castelo”. A partir de aí as nenas e nenos participantes construíron en 3D unha estrutura semellante.

O pasado martes, aproveitando que no chovía, desenvolveron unha proposta de urbanismo táctico, apropiándose da céntrica rúa Candil, que comunica a praza da Igrexa cun dos parques infantís, deixándoa baleira de coches por unhas horas. Nese



Nenos e nenas dándolle cor á rúa do Candil, habitualmente tomada polos coches. Foto: S. A.

“As vilas e cidades son das persoas”, asegura a arquitecta promotora, Sandra González Álvarez

A iniciativa baséase na aprendizaxe para xerar vínculos de identidade cos espazos habitados

tempo déronlle cor á rúa pintando trazos de distintas cores. “O que pretendemos transmitir é que as vilas e as cidades son das persoas”, afirma González Álvarez.

A este respecto subliña que a “maioría das vilas son camiñables en menos de 15 minutos e están rodeadas de zonas verdes”. Con este proxecto búscase promover unha concienciación da sociedade para recuperar para as persoas os espazos urbanos, que foron colonizados polos vehículos motorizados.

Sandra González considera que esta é tamén unha oportunidade para que os concellos repensen un futuro distinto para as nosas vilas, pero para iso é preciso “xerar vínculos de identidade cos lugares nos que habitamos”.

Ese é un dos fins deste programa, conformado por actividades que xiran arredor de sete conceptos fundamentais: a lingua, a percepción, o espazo, a paisaxe, a escala, a sustentabilidade e a cidade, e que ten como ferramentas necesarias o punto, a liña, o plano e o elemento tridimensional.

Trátase de que o lugar se transforme en algo dinámico, “que xa non é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de espazos, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil coutada dos parques”.

A vila do mañá naceu despois da crise económica derivada do boom inmobiliario. Lonxe de servir de aprendizaxe, “olvidouse e volveuse a facer o mesmo, polo que pensei que esa era unha oportunidade para replantexar e repensar o que estamos a facer”, sinala Sandra González. Logo de percorrer a maioría dos concellos da ría de Arousa, e de pasar tamén por Malpica de Bergantiños e Carballo, o programa “está en continuo proceso de evolución” e a disposición de todos aqueles concellos que desexen aproveitar unha oportunidade para reformular o seu futuro.

Impulsan dous cursos máis de electricidade e carpintería na vila carballeza

Comezarán no mes de xaneiro e impartiranse nas aulas do Centro Municipal de Formación

Carballo. No Centro Municipal de Formación de Carballo, dependente da concellaría de Innovación, Formación e Emprego, seguen apostando pola preparación de profesionais en sectores con boas perspectivas de emprego.

Despois da posta en marcha do obradoiro Fórum Dual coas especialidades de cocina e atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, así coma da primeira das dúas accións formativas de soldadura previstas para o curso 2022-23, no mes de xaneiro arrincarán dous novos cursos relacionados cos sectores da electricidade e a carpintería.

Do 23 de xaneiro ao 21 de xuño desenvolverase un curso de Montaxe de mobles e elementos de carpintería. É unha acción formativa de nivel 2, polo que para participar requirense estudos de ESO, competencias clave ou ciclos formativos de grao medio ou superior, como mínimo. O curso terá unha duración total de 538 horas, que inclúen 18 de módulos transversais sobre inserción laboral, sensibilización medioambiental e igualdade de xénero e 60 de prevención de riscos laborais.

O segundo curso é o de Operacións auxiliares de montaxe de instalacións electrotécnicas e telecomunicacións en edificios, que se desenvolverá dende o 30 de xaneiro ata o 6 de xuño. Neste caso é unha acción formativa de nivel 1, polo que non é preciso ter ningunha titulación e pode participar calquera persoa desempregada. Serán 458 horas de formación, incluídos os referidos módulos transversais. M. L.